



INFORME DE INTERVENCIÓN Ó PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2025.

Dando cumprimento ao artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e en relación ó proxecto de Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio do 2025, emítense o informe preceptivo previsto no devandito artigo nos seguintes termos:

1º- Réxime xurídico e lexislación aplicable.

Segundo determina o artigo 118.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector público,

"Los consorcios son entidades de derecho público, con personalidad jurídica propia y diferenciada, creadas por varias Administraciones Públicas o entidades integrantes del sector público institucional, entre sí o con participación de entidades privadas, para el desarrollo de actividades de interés común a todas ellas dentro del ámbito de sus competencias."

En canto ao réxime xurídico dos consorcios, o artigo 119 establece, que

“1. Los consorcios se regirán por lo establecido en esta Ley, en la normativa autonómica de desarrollo y sus estatutos.

2. En lo no previsto en esta Ley, en la normativa autonómica aplicable, ni en sus Estatutos sobre el régimen del derecho de separación, disolución, liquidación y extinción, se estará a lo previsto en el Código Civil sobre la sociedad civil, salvo el régimen de liquidación, que se someterá a lo dispuesto en el artículo 97, y en su defecto, el Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio.

3. Las normas establecidas en la Ley 7/1985, de 2 de abril, y en la Ley 27/2013, de 21 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local sobre los Consorcios locales tendrán carácter supletorio respecto a lo dispuesto en esta Ley.”

Polo que respecta ao réxime de adscrición, o artigo 120.1 desta norma establece, que

“1. Los estatutos de cada consorcio determinarán la Administración Pública a la que estará adscrito de conformidad con lo previsto en este artículo.

2. De acuerdo con los siguientes criterios, ordenados por prioridad en su aplicación y referidos a la situación en el primer día del ejercicio presupuestario, el consorcio quedará adscrito, en cada ejercicio presupuestario y por todo este periodo, a la Administración Pública que:

a) Disponga de la mayoría de votos en los órganos de gobierno.

b) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros de los órganos ejecutivos.

c) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros





del personal directivo.

d) Disponga de un mayor control sobre la actividad del consorcio debido a una normativa especial.

e) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del órgano de gobierno.

f) Financie en más de un cincuenta por ciento, en su defecto, en mayor medida la actividad desarrollada por el consorcio, teniendo en cuenta tanto la aportación del fondo patrimonial como la financiación concedida cada año.

g) Ostente el mayor porcentaje de participación en el fondo patrimonial.

h) Tenga mayor número de habitantes o extensión territorial dependiendo de si los fines definidos en el estatuto están orientados a la prestación de servicios a las personas, o al desarrollo de actuaciones sobre el territorio."

E en canto, ao réxime orzamentario, de contabilidade, control económico-financeiro e patrimonial, o artigo 122.1 establece que

"Los consorcios estarán sujetos al régimen de presupuestación, contabilidad y control de la Administración Pública a la que estén adscritos, sin perjuicio de su sujeción a lo previsto en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril."

Polo que neste marco normativo e en relación coa elaboración e aprobación do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e dado que o réxime orzamentario, de contabilidade, control económico-financeiro e patrimonial do Consorcio será o da Administración Pública á que estea adscrito, terase en conta a seguinte lexislacion:

1. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
2. Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.
3. Acordo adoptado polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria de data 31-07-2014, polo que o Consorcio quedará adscrito, en cada exercicio orzamentario e por todo período á Administración que se determine de acordo cos criterios de prioridade, recollidos na Disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común.
4. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera.
5. Arts. 162 a 171 do RD Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
6. Arts. 2 a 23 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos.
7. Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo que modifica a vixente estrutura orzamentaria regulada na Orde HAP/3565/2008.
8. artigo 3.1, a) do RD 1619/2012, de 30 de novembro, Regulamento polo que se regulan





as obrigas de facturación (RF)

9. Normativa complementaria.

2º.- Equilibrio orzamentario. Documentación que contén o expediente.

O Orzamento que se somete á aprobación do Pleno do Consorcio, para o exercicio económico de 2025, preséntase nivelado en gastos e ingresos e ascende, tanto no seu estado de gastos como no de ingresos, á cantidade de CINCO MILLÓNS TRESCENTOS SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS EUROS (5.374.700,00 €), resultando evidente que se confeccionou sen déficit inicial, cumprido o que prescribe o texto refundido da Lei de facendas locais nos seus artigos 162 e seguintes.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Estados de Gastos.
- Estados de Ingresos.
- Bases de execución.
- Memoria da Presidencia.
- Cadro de persoal.
- Informe económico-financeiro
- Informe de intervención
- Liquidación do orzamento 2023 e avance da liquidación do corrente.

3º.- Estrutura orzamentaria.

O Orzamento foi elaborado segundo a estrutura orzamentaria regulada na Orde HAP/3565/2008, do 3 de decembro, coa modificación dada pola orde Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo .

4º.- Estados de Gastos.

En relación co estado de gastos, o Orzamento de gastos do 2025 está elaborado sobre previsión da cobertura económica das obrigas que poidan derivarse da normal prestación do servizo de intervención en emergencias (que constitúe o obxecto deste Consorcio), do funcionamento do propio Consorcio e dos acordos que poidan derivarse do "Acordo entre o Comité de folga que representa aos Bombeiros dos Consorcios Provinciais das catro provincias galegas e a deputación de A Coruña, Deputación de Lugo, Deputación de Ourense, Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia.", asinado con data 1 de febreiro de 2024, que afecta á configuración do cadro de persoal de intervencións e por ende ao Capítulo I de gastos de persoal.

As dotacións para fazer fronte ós compromisos adquiridos estímanse suficientes en función das previsións que se teñen para unha execución normal do orzamento, sen prexuízo de tramitar expedientes de modificación do orzamento durante o exercicio se fose necesario.

- No capítulo 1, gastos de persoal, prevense os créditos destinados ás retribucións e gastos sociais dos postos previstos no Cadro de Persoal, que contempla:
* a Xerencia
* os postos de persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento.





* o persoal de carácter administrativo.

* En canto ó posto Secretaría-Intervención, posto previsto nos Estatutos, non se prevé dotación orzamentaria ao terse adoptado, mediante acordo do Pleno de data 24-04-2024, como modalidade do exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional a recollida na letra b) do punto 1 do artigo 17 dos Estatutos deste Consorcio, a través do servizo de asistencia da Deputación Provincial de Pontevedra.

A previsión de crédito para este Capítulo efectúase tendo en conta o "Acordo entre o Comité de folga que representa aos Bombeiros dos Consorcios Provinciais das catro provincias galegas e a deputación de A Coruña, Deputación de Lugo, Deputación de Ourense, Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia.", asinado con data 1 de febreiro de 2024, e que afecta á configuración do cadro de persoal de intervencións, co incremento do número de efectivos en 17 postos e das retribucións, que viran determinadas pola valoración que resulte da correspondente Relación de Postos de Traballo. Non obstante, en relación con estas previsións cabe **observar** que haberá que estar ao que dispoña a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado, a lexislación de aplicación en materia de oferta de emprego público, relación de postos de traballo e á lexislación laboral.

Tamén se consigna crédito nas aplicacións do Capítulo I, de retribucións de persoal laboral temporal, polas necesidades inaprazables que poidan xurdir para cubrir a prestación do servizo por situacións de IT, vacacións etc., que faga preciso acudir as modalidades de contratación laboral temporal prevista na lexislación vixente.

En definitiva e baixo estas premisas, para o exercicio 2025 prevese, para os diferentes conceptos, un incremento do Capítulo I de gastos de persoal do 44,90 % respecto das previstas para o exercicio 2024.

- No capítulo 2, gastos en bens e servizos correntes, consígnanse, os créditos que se estiman precisos para atender as obrigas e os gastos en bens e servizos necesarios para a prestación do servizo que constitúe o obxecto deste Consorcio e para atender os gastos de funcionamento do mesmo, readaptando o crédito das distintas aplicacións en virtude do grado de execución e das necesidade en cada unha delas unha vez que se vai acadando unha imaxe real das necesidades e por ende dos gastos correntes que derivan da implantación do sistema de xestión directa.

- Capítulo IV, prevese a achega á Asociación de Consorcios de Bomberos de España, en virtude de acordo de adhesión adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión de data 21 de maio de 2013 e o acordo da Asamblea Xeral da Asociación de Consorcios y Servicios de Bomberos de España (Conbé), en sesión de data 23 de febrero de 2023, acordou establecer a cota anual de cada unha das Entidades integrantes da Asociación para o exercicio 2023 en 5.000,00 €, que se prevé que se manteña para o exercicio 2025.

- Capítulo V: Inclúese o Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos, que regula o artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.





- Capítulo VI: Unha vez atendidos os gastos correntes prevense as cantidades destinadas a investimentos.

Todo elo, sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades e adaptacións que xurdan no curso de execución deste Orzamento.

- Capítulo VIII: No exercicio 2025 consignase crédito a modo de concesión de préstamos a curto prazo en forma de anticipos ao persoal do Consorcio.

5º.- Estados de ingresos.

O Estado de Ingresos recolle previsións nos seguintes capítulos III e IV:

No capítulo III aparecen as partidas destinadas a contabilización de ingresos procedentes da aplicación das ordenanzas fiscais do Consorcio e doutros ingresos procedentes da xestión de ingresos en vía executiva.

No Capítulo IV recóllese a previsión por transferencias correntes da Comunidade Autónoma (50%) e da Deputación Provincial de Pontevedra (50%), de conformidade co previsto no artigo 23 dos Estatutos reguladores do Consorcio; incrementándose para o exercicio 2025 nun 62,9476 %.

Conforme se sinala na memoria e no informe económico-financeiro, as previsións de ingresos dos distintos conceptos que integran o estado de ingresos considéranse realizables, de xeito que se garante a existencia de liquidez para poder facer fronte ás obrigas coa debida rapidez.

6º.- Bases de execución.

Veñen a ser un regulamento orzamentario, que constitúe unha adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, á organización e circunstancias desta Entidade, así como aquelas outras necesidades para a súa acertada xestión, establecendo as previsións estimadas oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran, legalmente, de procedementos e solemnidades específicas, distintas das preceptuadas para a aprobación do Orzamento.

Examinadas estas, resulta que conteñen, a xuízo da informante, as disposicións necesarias para unha adecuada e correcta xestión durante o exercicio económico a que estas se refiren; sen prexuízo das modificacións, adaptacións e puntualizacións que poida experimentar en virtude das necesidades que xurdan ao longo da execución deste exercicio .

7º.- Memoria da Presidencia.

É o documento no que a Presidencia do Consorcio explica as liñas da súa economía, que se plasman no orzamento anual.

8º.- Anexo de persoal.

Esta parte da documentación orzamentaria, prevista no artigo 168.c) do Real





Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, servirá tamén para que con ocasión da aprobación do orzamento, como di o artigo 90.1 e o art.126 do Texto Refundido aprobado polo R. D. Lexislativo 781/86, se aprobe o cadro de persoal, que prevé no exercicio 2025 a creación de 17 postos de persoal laboral fixo de bombeiros-conductores.

9º.- Informe económico-financeiro.

Este documento trata de informar sobre os extremos previstos no art.168.1.e) do TRLRFL.

10º.- Tramitación.

Os pasos principais a seguir de acordo coa lexislación ó principio citada son os seguintes:

- Ditame da Comisión Especial de Contas.
- Toma de razón e aprobación inicial polo Pleno do Consorcio.
- Traslado, en canto ente de adscripción, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta co Orzamento da Deputación, dando cumprimento ao artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Exposición pública conxuntamente co da Deputación Provincial de Pontevedra durante 15 días, mediante edictos publicados no B.O.P. e na páxina web da Deputación e do Consorcio.
- Aprobación definitiva polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra que será expresa se hai que resolver reclamacións.
- Publicación no B.O.P. e remisión ás Administracións autonómica e do Estado.

11.- Estabilidade Orzamentaria e límite de débeda.

O principio de equilibrio orzamentario despréndese da comparación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e os capítulos 1 a 7 de ingresos e que o obxectivo de estabilidade orzamentaria identifícanse cunha situación de equilibrio ou superávit.

Practicada esta comparación pode observarse que o Orzamento 2025, acada unha situación de equilibrio.

Límite de débeda, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non conta con débeda nin se prevé acudir a mesma para financiar este orzamento, polo que cumpre o límite de débeda.

CONCLUSIÓN

A xuízo da que subscribe, e coa salvedade da observación efectuada en relación coa previsión de crédito para gastos de persoal, estímase que na elaboración do orzamento se cumpriron as prescripcións legais aplicables, que contén as previsións necesarias para atender ás obrigas do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante o seu desenvolvemento. Así mesmo cómprese co establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria





e Sostibilidade Financeira.

Por todo o exposto infórmase o orzamento en sentido favorable. Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

A secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: A2TT3FWR3644EIK57ZDLSSE-XH
Conexión: <https://consorciocontraincendiossalvamento.pontevedra.gob.eselectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

